

- A aposta por **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO SOSTIBLE INTEGRADOR SOCIALMENTE EQUITATIVO**.
- Aposta **INNOVACIÓN** e todos os eidos da actuación do GALP, polas melloras **FORMACIÓN** e polo acceso xeneralizado **COÑECEMENTO**
- **Valores propios da xestión de recursos públicos:**
 - **ECONOMÍA EFICACIA EFICIENCIA** no gasto público.
 - **PERTINENCIA** das accións que promova en relación á estratexia definida.
 - **COHERENCIA** cos obxectivos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.
 - **COMPLEMENTARIEDADE** deste programa con outros que paralelamente actúan no territorio.

No contexto da presente Estratexia, o GALP velará polo traslado destes principios e valores a todas as accións promovidas dende o Grupo e encamiñadas á consecución dos seguintes obxectivos que constitúen o cerne da estratexia.

5. PLAN DE ACCIÓN

5.1. Obxectivos estratéxicos.

1. Identificar os principais obxectivos da estratexia, facéndoo de acordo coas orientacións proporcionadas polo FEMP e cos factores externos e internos do diagnóstico. A súa definición debe ser breve e o seu número limitado.

ORIENTACIÓN DO FEMP	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
a) aumento del valor, creación de empleo, atracción de jóvenes y promoción de la innovación en todas las fases de la cadena de suministro de los productos de la pesca y la acuicultura;	1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e a promoción da innovación e do coñecemento en todas as

	fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura.
b) apoio a la diversificación dentro o fuera del sector de la pesca comercial, al aprendizaje permanente y a la creación de empleo en las zonas pesqueras y acuícolas;	2. Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á creación de emprego a á mellora do benestar social na zona costeira.
c) impulso y aprovechamiento del patrimonio medioambiental de las zonas pesqueras y acuícolas, incluidas las operaciones de mitigación del cambio climático;	3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos.
d) fomento del bienestar social y del patrimonio cultural de las zonas pesqueras y acuícolas, incluido el patrimonio cultural pesquero, acuícola y marítimo;	4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.
e) refuerzo del papel de las comunidades pesqueras en el desarrollo local y de la gobernanza de los recursos pesqueros y actividades marítimas locales.	5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local.

5.2. Obxectivos específicos

1. Indicar os obxectivos específicos, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos estratéxicos e identificaranse de forma numérica: 1.1, 1.2, 1,3,... Conterá unha descrición breve do mesmo.

Obxectivo estratéxico 1 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:

1.1. Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as

actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor.

1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o

Obxectivo estratéxico 2 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:

2.1. Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial.

2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e

Obxectivo estratéxico 3 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:

3.1. Fomentar a conciencia ecolóxica e o aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras.

3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio

Obxectivo estratéxico 4 desenvólvese a través do obxectivo específico:

4.1. Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona

Obxectivo estratéxico 5 desenvólvese a través dos obxectivos específicos:

5.1. Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP.

5.3. Liñas de actuación

1. Indicar as liñas de actuación, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos específicos. Expresaranse nunha soa liña ou en dúas como moito.

Obxectivo estratéxico 1: Aumentar o valor, a creación de emprego, a atracción da mocidade e a promoción da innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da

Obxectivo específico 1.1. Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao

Liñas de actuación (1.1.1 e 1.1.2)

1.1.1. Revalorización dos produtos do mar, trazabilidade, diversificación da oferta e melloras na comercialización e na promoción.

1.1.2. Mellora da xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación.

Obxectivo específico 1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o

Liñas de actuación (1.2.1 a 1.2.3)

1.2.1 Mellora da gobernanza sectorial, fomento de novos modelos de organización, das estruturas asociativas e cooperativas, estímulo dos novos modelos de negocio Mellora da xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación.

1.2.2. Formación do sector pesqueiro cara o relevo xeracional, á mellor adaptación dos traballadores e traballadoras ás necesidades da actividade e á diversificación e integración de negocios.

1.2.3. Conexión do sector pesqueiro con outros sectores do territorio costeiro para a promoción do produto da pesca local.

Obxectivo estratéxico 2: Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á creación de emprego e á mellora do benestar social na zona

Obxectivo específico 2.1. Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e

Liñas de actuación (2.1.1. a 2.1.3)

2.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a cultura e tradición mariñeira.

2.1.2. Mellora da oferta de produtos e servizos de integración intersectorial, abondando en medidas para a desestacionalización do turismo e na sustentabilidade das iniciativas.

2.1.3 Promoción e proxección exterior dos recursos, da actividade e do territorio.

Obxectivo específico 2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e

Liñas de actuación (2.2.1.)

2.2.1 Servizos para a cohesión social e territorial e o benestar

Obxectivo estratéxico 3: Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos.

Obxectivo específico 3.1. Fomento da conciencia ecolóxica e do aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e

Liñas de actuación (3.1.1.)

3.1.1. Mellora da capacidade das comunidades para a adopción de prácticas de conservación, protección, mitigación de impactos sobre o patrimonio natural e para a súa posta en valor

Obxectivo específico 3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio

Liñas de actuación (3.2.1. e 3.2.2.)

3.2.1. Iniciativas de redución de impacto ambiental en procesos produtivos.

3.2.2. Iniciación de experiencias de colaboración novidasas na conservación, protección, mitigación de danos, rexeneración e posta en valor dos recursos naturais.

Obxectivo estratéxico 4: Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e

Obxectivo específico 4.1. Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona

Liñas de actuación (4.1.1. e 4.1.2)

4.1.1. Inventario e recompilación de información sobre o patrimonio costeiro

4.1.2. Reconstruír, valorizar e contribuír a manter e a difundir o patrimonio con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras.

Obxectivo estratéxico 5: Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local.

Obxectivo específico 5.1. Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no

Liñas de actuación (5.1.1. e 5.1.2)

5.1.1. Promoción de actuacións de cooperación no seo do sector pesqueiro para fomentar a súa gobernanza e competitividade dos axentes do GALP co intercambio de experiencias dentro e fóra do sector pesqueiro e dentro e fóra do territorio.

5.1.2. Promoción de actividades de cooperación para a diversificación.

5.4. Mapa do Plan de Acción

1. Reflectirase de maneira gráfica nunha táboa, a estrutura de obxectivos estratéxicos, específicos, liñas de actuación e medidas (estrutura de dependencia xerárquica).

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
1. Aumentar o valor, a creación de emprego, a promoción da mocidade e innovación e do coñecemento en todas as fases da cadea de subministro dos produtos da pesca e da acuicultura.	1.1. Promover o crecemento económico da Ría de Pontevedra a partir da intensificación dos esforzos na promoción dos produtos, e da mellora de todos os procesos que integran as actividades da cadea de valor, dende a xestión do recurso e a extracción ata a chegada ao consumidor.	1.1.1. Revalorización dos produtos do mar , trazabilidade, diversificación da oferta e melloras na comercialización e na promoción.	<p>1. Obradoiros, concursos e actividades promocionais e divulgativas sobre o sector pesqueiro e os seus produtos. Poderán estar orientados, en formato e contido, de maneira diferenciada para tres tipos de público: cidadanía, profesionais do sector e ademais, terán especial incidencia nos nenos e na mocidade.</p> <p>2. Implementación ou mellora das instalacións de procesado, elaboración, envasado, venta e exportación de produtos do mar de orixe local.</p> <p>3. Mellora da comercialización mediante o impulso da plataforma de comercialización conxunta “<i>pescadoartesanal.com</i>” - ou outras particulares-, do seu posicionamento a nivel nacional: incremento da oferta agregada dende o portal, formación e captación de usuarios, promoción, etc.</p> <p>4. Realización e apoio ás festas e iniciativas gastronómicas, á súa coordinación e organización en rede, que promociónen o produto pesqueiro e marisqueiro local e fomenten a variedade no seu consumo. Estas iniciativas deberán tamén favorecer a integración cos produtos locais da terra e a transmisión do valor da tradición gastronómica e a cultura mariñeira local.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
			<p>5. Apoio aos selos de garantía e ás iniciativas para mellorar a trazabilidade (especialmente aos xa establecidos). Apoiadas nas novas tecnoloxías, e na mellora da formación dos operadores, a medida perseguirá a extensión a toda a cadea de comercialización como medio para a posta en valor e para a diferenciación do produto local.</p> <p>6. Fomentar a maior diversificación da oferta e do consumo coa identificación de novas posibilidades para o cultivo e a promoción de especies aínda pouco coñecidas, desaproveitadas ou pouco apreciadas.</p> <p>7. Realización de estudos sobre as posibilidades de mellora da comercialización de especies pouco coñecidas ou pouco apreciadas.</p> <p>8. Realización de estudos sobre as posibilidades de cultivo e aproveitamento de novas especies na zona costeira.</p> <p>9. Melloras nos procedementos e procesos da xestión dos recursos e cadea de valor dos produtos do mar, como xestión de descartes. Desenvolvemento de iniciativas con finalidade demostrativa.</p> <p>10. Creación de espazos de encontro entre todos os axentes do sector pesqueiro produtivo e o sector científico, que regularmente e como resultado dun plan estratéxico promovan alianzas para compartir coñecemento e afondar na súa aplicación e na das novas tecnoloxías.</p>
		<p>1.1.2. Mellora da xestión dos recursos e dos procesos da cadea de valor dos produtos do mar, mediante a introdución de novas tecnoloxías e a colaboración cos centros de investigación.</p>	

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
	<p>1.2. Mellorar a capacitación e as condicións para o emprendemento no tecido produtivo pesqueiro, incrementando as oportunidades de formación dos traballadores e traballadoras e a súa empregabilidade, facilitando o relevo xeracional, as estruturas asociativas e o emprendemento.</p>	<p>L.1.2.1. Mellora da gobernanza sectorial, fomento de novos modelos de organización, das estruturas asociativas e cooperativas e estímulo dos novos modelos de negocio</p>	<p>11. Accións formativas sobre cooperativismo e asociacionismo no sector pesqueiro.</p> <p>12. Iniciativas asociativas e de cooperación do sector pesqueiro e integración con outros sectores, para a prospección e a introdución en novos mercados.</p> <p>13. Iniciativas para a diminución dos custos operativos (compras e abastecementos, promoción, loxística, etc.) mediante a asociación e a cooperación entre os axentes e as infraestruturas do sector.</p> <p>14. Desenvolvemento de novos modelos de negocio e iniciativas empresariais baseados na produción da ría (novos servizos soportados nas TIC, asesores persoais para as compras de peixes e mariscos, empresas pop-up, etc.).</p> <p>15. Creación de aulas medioambientais para fomentar a concienciación sobre o medio e os recursos e sobre as consecuencias da xestión sostible na competitividade do territorio e, en particular, do sector pesqueiro.</p> <p>16. Iniciativas de capacitación e empoderamento do sector pesqueiro para unha mellora na explotación do recurso e da xestión do seu negocio, facendo especial fincapé nas habilidades dixitais.</p>
		<p>L.1.2.2. Formación do sector pesqueiro cara o relevo xeracional, a mellor adaptación dos traballadores e traballadoras ás necesidades da actividade e á diversificación e integración de negocios.</p>	

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
<p>2. Apoiar á diversificación dentro ou fóra da pesca comercial, apoio ao aprendizaxe permanente, á</p>	<p>2.1. Promover o aproveitamento dos recursos do territorio reforzando a asociación da herdanza do mar coas</p>	<p>L 1.2.3 Conexión do sector pesqueiro con outros sectores do territorio costeiro para a promoción do produto da pesca local.</p>	<p>17. Medidas de recuperación do atractivo e da empregabilidade dos oficios mariñeiros en risco de extinción: redeirías, carpintería de ribeira, etc.</p> <p>18. Formación e recuperación do interese polos oficios do mar.</p>
			<p>19. Formación aos comercializadores para mellorar a comunicación aos consumidores, de procedencia local ou do estranxeiro, do valor diferencial do produto local. Fomento da aprendizaxe mediante a promoción de boas prácticas entre comercializadores e consumidores.</p> <p>20. Iniciativas de integración innovadoras e lúdicas dentro das prazas de abastos para facilitar a compra, a mellor implicación da restauración, a innovación gastronómica e promoción das vantaxes do consumo do produto local, incluído os premios para as iniciativas máis destacadas.</p>
<p>2.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a súa cultura</p>	<p>2.1.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a súa cultura</p>	<p>L 2.1.1. Deseño e iniciativas de turismo desestacionalizado apoiado no sector pesqueiro e a súa cultura</p>	<p>21. Establecemento de alianzas intersectoriais para chegar co produto local, claramente diferenciado, a novas canles de comercialización, reforzando a diversificación e o atractivo na oferta turística costeira.</p> <p>22. Iniciativas de asociacionismo e cooperativismo do sector extractivo e transformador co sector HORECA na promoción do consumo dos produtos locais.</p>
			<p>23. Fomento da conexión do turismo mariñeiro coas actividades náuticas, coas embarcacións de recreo e pasaxe e coas embarcacións tradicionais, procurando a integración destas actividades no desenvolvemento do turismo mariñeiro.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
<p>creación de emprego e a mellora do benestar social na zona costeira.</p>	<p>oportunidades para o turismo, a dinamización da actividade económica, e a cohesión social e territorial</p>	<p>L.2.1.2 Mellora da oferta de produtos e servizos de integración intersectorial, abondando en medidas para a desestacionalización do turismo e na sostibilidade das iniciativas.</p>	<p>24. Creación de rutas turísticas que inclúan visitas a pescadores, mariscadores, lonxas, prazas, sendas litorais, sendas fluviais, etc. e que sexan educativas tanto para nenos como adultos.</p> <p>25. Ría-saúde-deporte: iniciativas que conecten aos axentes especializados nestes ámbitos e evidencien a idoneidade dos recursos e os espazos da Ría de Pontevedra para o fomento dos hábitos saudables na poboación local e nos visitantes (dotación infraestructuras portos deportivos, equipamentos e actividades).</p> <p>26. Impulso ao desenvolvemento de iniciativas que mellores a oferta turismo do mariñeiro coa participación de todos os sectores comprometidos coa produción local e o uso sostible do territorio (hostalería).</p> <p>27. Impulsar MarGalaica como plataforma integradora de servizos de ocio e lecer á cidadanía.</p> <p>28. Formación dos axentes que interveñen na integración co sector turístico de cara a mellora da súa oferta e profesionalidade (idiomas, atención ao cliente, uso de novas tecnoloxías, etc.).</p> <p>29. Rehabilitación e creación de espazos con iniciativas de interpretación: lonxas, prazas, pequenas salas de cine, locais nos portos e nas vilas,... que sustenten e valoricen as tradicións costeiras.</p> <p>30. Promoción e desenvolvemento do turismo ambiental e ecolóxico, destacando na oferta as accións do GALP na recuperación de zonas e na valorización da contorna costeira.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
		<p>L 2.1.3 Promoción e proxección exterior dos recursos, da actividade e do territorio</p>	<p>31. Mellorar e completar a oferta das instalacións hostaleiras de baixo impacto ambiental dentro da zona costeira tais como os albergues ou os servizos para a acollida de caravanas, entre outros.</p> <p>32. Iniciativas para facilitar e promover o aliñamento e a coordinación da acción do GALP e dos seus axentes coa Axenda de adaptación do Parque das Illas Atlánticas á Carta Europea de Turismo Sostible e, en xeral, iniciativas de turismo sostible.</p> <p>33. Estudo das experiencias de turismo de zonas costeiras en outros países. Identificación de boas prácticas imitables e difusión entre os colectivos do GALP.</p> <p>34. Intercambios con outros territorios, nacionais e internacionais, sobre diversificación do turismo nas zonas de costa.</p> <p>35. Tradución dos materiais de promoción da oferta turística integrada na estratexia do GALP ós idiomas dos países que máis nos visitan.</p> <p>36. Deseño e desenvolvemento dun plan específico de comunicación e promoción do territorio do GALP e da Ría de Pontevedra como un produto que agrega paisaxe, gastronomía, arquitectura, natureza, etc.</p> <p>37. Creación de servizos a terceira idade</p>
	<p>2.2. Contribuír á xeración de emprego a partir da mellora da calidade de vida e a cohesión social e territorial.</p>	<p>2.2.1. Servizos para a cohesión social e territorial e o benestar</p>	<p>38. Iniciativas para facilitar conciliación familiar dos colectivos de traballadores e traballadoras en actividades claramente integradas na estratexia do GALP.</p> <p>39. Medida de integración de colectivos con risco de exclusión nas actividades promovidas ou integradas na estratexia do GALP.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
<p>3. Impulsar e aproveitar o patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, así como contribuír á concienciación cidadá nestes ámbitos.</p>	<p>3.1. Fomentar a conciencia ecolóxica e o aproveitamento sostible do patrimonio ambiental das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras.</p>	<p>L.3.1.1. Mellora da capacidade das comunidades para a adopción de prácticas de conservación, protección, mitigación de impactos sobre o patrimonio natural e para a súa posta en valor</p>	<p>40. Programa de emprego inter-municipal. Fomento das oportunidades de emprego na zona costeira: bolsa de emprego, iniciativas para facilitar e propiciar o relevo xeracional...Favorecerase a consideración da inclusión de colectivos de difícil integración e o fomento da igualdade.</p> <p>41. Iniciativas de mellora da mobilidade (accesibilidade, mobilidade laboral,....)</p> <p>42. Organizar seminarios e obradoiros dirixidos a escolares, xente do mar e público en xeral para incrementar a concienciación ambiental. Por exemplo: campamentos, obradoiros escolares en temas ambientais, divulgación de ecosistemas mariños, concienciación sobre as consecuencias e posibilidades de acción fronte ao cambio climático, etc.</p> <p>43. Fomentar asociacionismo ambiental e a colaboración do GALP coas organizacións e agrupacións ambientalistas e de protección do patrimonio, fomentando a súa participación en iniciativas de divulgación sobre a conservación do medio e os usos tradicionais do mar.</p> <p>44. Formación a medida para o aproveitamento e xestión de recursos do sector primario de xeito sostible / ecolóxico (producción, transformación e venda).</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
	<p>3.2. Promover iniciativas de posta en valor e protección dos recursos naturais, de redución da pegada de carbono e de mitigación dos efectos do cambio climático.</p>	<p>L.3.2.1. Iniciativas de redución de impacto ambiental en procesos produtivos.</p> <p>L.3.2.2. Iniciación de experiencias de colaboración novidosas na conservación, protección, mitigación de danos, rexeneración e posta en valor dos recursos naturais.</p>	<p>45. Colaboración coas ANPAS e os colexios e centros de educación secundaria para a definición e o desenvolvemento de iniciativas perdurables (non puntuais nin illadas) de concienciación dos máis novos nos valores da protección ambiental, do patrimonio e dos usos tradicionais do mar e do medio costeiro.</p> <p>46. Formación e dotación de equipamentos anticontaminación para instalacións costeiras.</p> <p>47. Implementación de sistemas de uso das enerxías limpas e de melloras nos procesos que leven aparelada a diminución de custos, a redución da pegada ecolóxica e a maior eficiencia no desempeño da actividade.</p> <p>48. Colaboración e acción coordinada dos axentes do GALP nas accións de promoción, protección e conservación dos recursos de interese ambiental, paisaxístico e cultural, en especial dos espazos singulares da Ría de Pontevedra, por exemplo da Illa de Tambo ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas.</p> <p>49. Fomento da colaboración inter-municipal en actividades de recuperación e conservación ambiental, arquitectónica e urbanística, propiciando a implicación das institucións, das organizacións e da cidadanía, e orientada á xeración de actividades produtivas e ós recursos autóctonos da terra e do mar.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
4. Protexer e poñer en valor o patrimonio cultural como recurso emblemático na Ría de Pontevedra, incluído o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.	4.1. Protexer o patrimonio cultural, mellorando a súa identificación e documentación e poñendo en valor os recursos identificados, coa finalidade de reforzar a identidade territorial e o valor da zona costeira.	L.4.1.1. Inventario e recompilación de información sobre o patrimonio costeiro	<p>50. Experiencias relativas á recollida de lixo das embarcacións e traída a porto. Fomento das boas prácticas na xestión do lixo e da reciclaxe en todas as facetas da actuación do GALP.</p> <p>51. Iniciativas para o desenvolvemento e dinamización da Axenda estratéxica para a Recuperación do entorno da Illa de Tambo.</p> <p>52. Limpeza regatos, e colaboración en actuacións de rexeneración forestal para evitar riadas, deterioro das condicións ambientais da ría e perda de produtividade marisqueira.</p> <p>53. Iniciativas de colaboración na rexeneración e limpeza de areais e mellora da calidade das augas na Ría de Pontevedra.</p> <p>54. Actuacións encamiñadas a facilitar a detección rápida e a evitar a propagación das especies exóticas, especialmente das invasoras, e desenvolver iniciativas para o seu control.</p>
			<p>55. Abondar no inventario do patrimonio cultural na zona, integrando a implicación de expertos no proceso, co obxectivo de identificar e reforzar as oportunidades para a mellora da calidade de vida dos veciños e o atractivo para un turismo sostible e de calidade.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
			<p>56. Recompilación e posta en valor do coñecemento dos “vellos do mar” apoiando ás entidades locais para a súa posta en práctica coa inclusión de todos os segmentos da actividade. A medida comprenderá ademais a relación do coñecemento dos vellos do mar coa conservación do medio mariño e costeiro.</p>
		<p>L 4.1.2 Reconstruír, valorizar e contribuír a manter e a difundir o patrimonio con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras</p>	<p>57. Desenvolvemento de roteiros costeiros e mariños para dar a coñecer o patrimonio natural e cultural da zona.</p> <p>58. Restauración do patrimonio industrial tradicional: salgas, portos, estaleiros, muiños, etc.</p> <p>59. Promoción de actividades de recuperación e exaltación das embarcacións tradicionais.</p> <p>60. Posta en valor dos elementos da arquitectura tradicional mariñeira na zona.</p> <p>61. Posta en valor doutros elementos da tradición mariñeira: artes de pesca, aparellos e ferramentas de traballo, arquivos documentais, arquivos fotográficos e audiovisuais, etc. Aproveitamento das aulas da natureza para a exposición deste patrimonio.</p> <p>62. Promoción do patrimonio cultural a partir da dixitalización dos servizos de información e comunicación sobre o patrimonio costeiro e facilitar a comunicación e a promoción mediante o uso das novas tecnoloxías.</p>

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación	Medidas
5. Fomentar a cooperación e a capacidade dos axentes do territorio para contribuír ao desenvolvemento local.	5.1. Promover o intercambio do coñecemento baseado na experiencia con outros territorios entre axentes públicos e privados de todos os sectores participantes no GALP.	5.1.1. Promover actuacións de cooperación no seo do sector pesqueiro para fomentar a súa gobernanza e competitividade	63. Formación práctica a través da creación dunha plataforma de intercambio de experiencias e de coñecemento con outras zonas costeiras de referencia de dentro e fóra de Galicia.
		5.1.2. Promoción da aprendizaxe permanente dos axentes do GALP co intercambio de experiencias dentro e fora do sector pesqueiro e dentro e fora do territorio.	64. Uso de novas tecnoloxías para a posta en contacto dos colectivos do sector pesqueiro para procurar novos proxectos e iniciativas comúns. 65. Foros que poñan en contacto ao sector pesqueiro e o sector turístico e hostaleiro no que se identifiquen oportunidades para accións en rede, en beneficio mutuos e onde se estimulen as oportunidades de colaboración tanto no plano local como para a proxección internacional. 66. Promover unha rede internacional de vilas mariñeiras.

5.5. Fichas de medidas

1. Realizarse unha presentación das medidas de cada liña de actuación. Para cada medida estableceranse as súas orientacións empregando o seguinte modelo:

Para cada unha das medidas inclúese unha ficha coa descrición dos seguintes aspectos:

- Liña de actuación na que se enmarca.
- Obxectivos xerárquicos aos que responde.
- Descrición sucinta do contido da medida.
- Potenciais beneficiarios. Á hora de definir os potenciais beneficiarios consideráronse as limitacións establecidas no período anterior para beneficiarios de proxectos produtivos e non produtivos. Na medida en que a orde de axudas que aprobe a Consellería do Mar modifique a tipoloxía dos beneficiarios, deberá revisarse tamén os potenciais beneficiarios aquí contemplados.
- Resultados previstos. Indicadores de resultados que deberán contemplarse na medida e xenéricos para ela. Deberá comprobarse a súa idoneidade para cada proxecto en particular.
- Rango de intensidade de axuda. Atribúese as medidas a intensidade da axuda que poden ter proxectos que se inclúan nesta medida en función do seu carácter produtivo ou non segundo os valores máximos do anterior período de financiamento. En todo caso estes valores quedaran establecidos na orde de axudas que aprobe a Consellería do Mar coas bases reguladoras das axudas.

Estas fichas están elaboradas en formato de base de datos e xúntanse **Anexo 5.5. Fichas de medidas** nunha listaxe conxunta de todas elas para unha maior facilidade de interpretación e

5.6. Carácter integrado e multisectorial da estratexia

1. Describir o carácter integrado e multisectorial da estratexia. A estratexia debe responder a un enfoque integrado (reunir á cadea de valor da pesca-produción, transformación e comercialización con outros actores ou sectores económicos da zona) e multisectorial, de xeito que considere os efectos multiplicadores dos diversos sectores con presenza no territorio.

A estratexia do GALP Ría de Pontevedra establécese para un espazo de conexión e interdependencia de todos os sectores que desenvolven a súa actividade na zona costeira, e que dependen, profundamente, dos recursos do mar e dos activos deste territorio. A estratexia propón, por unha banda, reforzar decididamente a competitividade da cadea de valor do sector pesqueiro e, por outra, e complementariamente, multiplicar as oportunidades que derivan da importancia e do arraigo que estas actividades teñen como atractivo turístico e como acervo patrimonial.

A estratexia tense deseñado baixo a perspectiva participada por todos os actores da zona de que a mesma deberá ter efecto no presente e no futuro da Ría de Pontevedra. É este o motivo fundamental polo que o uso sustentable, a protección e defensa do medio e dos recursos naturais desta contorna, constitúense nun piar emblemático sobre o que desenvolver as actuacións enmarcadas na estratexia.

Esta perspectiva sobre o que supón o carácter integrado e multisectorial da estratexia se ben ten especial apoio nas Liñas de Actuación que responden ao Obxectivo Específico 2.1, está con claridade tamén presente nas Liñas correspondentes aos demais Obxectivos Específicos, especialmente na 1.2.3. e nas do obxectivo específico 5.1. Deste xeito cabe destacar a consideración integrada de toda a cadea de valor do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, dende o sector primario ata a industria elaboradora transformadora, ós servizos asociados e todas as actividades interdependentes da actividade pesqueira. Esta perspectiva chega ate a consideración da cidadanía, dos consumidores tanto locais como foráneos como axentes fundamentais na revalorización dos produtos e na reactivación da actividade económica. Asemade, cando se abordan as liñas de actuación que teñen relación coa conservación e a posta en valor do patrimonio, a estratexia aposta por unha consideración integral das diferentes formas de patrimonio: natural, cultural, arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico, gastronómico, etc. O GALP da Ría de Pontevedra fai esta aposta, considerando que esta é a perspectiva que de xeito transversal pode ter maior incidencia e significación no incremento das oportunidades de reforzar a actividade económica, das posibilidades de traballo, das condicións de vida e do atractivo da zona para as xeracións actuais e futuras da zona costeira.

5.7. Carácter innovador da estratexia

1. Describir os aspectos ou elementos innovadores da estratexia no contexto local e indicar como se fomentará a innovación a escala local.

A estratexia do GALP Ría de Pontevedra integra de xeito transversal o carácter innovador. Esta perspectiva correspóndese coa aposta dos axentes deste territorio polo crecemento intelixente e sustentable como base para a competitividade e o desenvolvemento local, en liña coas recomendacións que ao respecto establece o propio FEMP e as políticas marco de referencia para a estratexia.

O carácter innovador das accións amparadas polo GALP Ría de Pontevedra, haberá de materializarse tanto nas melloras nos procesos e dos produtos ós que a acción do GALP poida prestar apoio, coma nas maneiras de mellorar os modelos organizativos e de administración, as conexións entre os sectores, as comunicacións entre os axentes da comunidade, as relacións da industria e da cidadanía coa ciencia e os centros de xeración de coñecemento, etc. Para conseguilo, promoverá a incorporación dunha base sólida de coñecemento nas propostas, a posta en valor da experiencia e das boas prácticas, e sempre que sexa oportuno, das novas tecnoloxías. En definitiva, o GALP-Ría de Pontevedra favorecerá o carácter innovador das iniciativas produtivas e non produtivas asociadas aos diferentes obxectivos da estratexia e mesmo da propia acción dinamizadora do GALP como organización.

Así a innovación deberá estar presente na modernización do tecido produtivo e marcar as actuacións para a mellora da competitividade, será un claro factor multiplicador das conexións intersectoriais e da xeración de novas oportunidades de emprendemento e de emprego e permitirá a diferenciación e a excelencia nas accións para a conservación e a protección do medio natural e do patrimonio. Esta transversalidade do carácter innovador será fortemente potenciada mediante a estratexia de comunicación do GALP e apoiada nos procesos de valoración e selección das candidaturas de proxectos.

O GALP Ría de Pontevedra, na diagnose do seu territorio, amosa que se dan condicións de vantaxe na zona para poder acadar os obxectivos que se propoñen no tocante á innovación. Destacan por unha banda, a proximidade a un bo número de centros de investigación con actividade de transcendencia internacional; e por outra o nivel de estudos medio da poboación, que ofrece un potencial moi interesante para unha máis rápida incorporación do coñecemento técnico e científico na actividade cotiá. Por último, cabe ter presente que a innovación e a incorporación da tecnoloxía e do coñecemento nos procesos produtivos de calquera territorio, do mesmo xeito que a atención a sustentabilidade ambiental, é obxecto de atención por moi diversos programas e mecanismos de financiamento. O GALP aspira a converterse en peza fundamental para facer palanca no aproveitamento destes recursos polos axentes do territorio.

5.8. Contribución da estratexia á creación de emprego

1. Incidencia que se espera da estratexia sobre o emprego. Medidas para promover o aumento do emprego. Creación de novas oportunidades para mulleres e mocidade.

A creación de novas oportunidades para o traballo e a non destrución de emprego na Ría de Pontevedra é una prioridade compartida por todos os axentes que integran o Grupo. Por este motivo, as oportunidades para o traballo aparecen recollidas en dous dos cinco obxectivos de carácter estratéxico de forma explícita, e considéranse implicitamente integradas en todos os obxectivos de carácter específico agás ún -concienciación e formación ambiental- que supón unha mellora da empregabilidade dos beneficiarios. As perspectivas dende as que se propón afrontar a problemática do emprego inclúen, en consonancia co que establece o regulamento do FEMP, as seguintes:

- as oportunidades de formación e capacitación, con medidas específicas asociadas a todos os obxectivos específicos da estratexia,
- fomento do emprendemento e da innovación, e de novos modelos de negocio e de economía social como segmentos con potencial para novas e mellores oportunidades de traballo,
- a mellora da competitividade do sector pesqueiro e a dignificación das profesións do mar na procura do relevo xeracional,
- a xeración de novas oportunidades de desenvolvemento asociadas ás conexións intersectoriais,
- a xeración de novas oportunidades, servizos e iniciativas de emprendemento relacionadas cun mellor aproveitamento dos activos culturais e naturais do territorio costeiro.

O factor crítico no deseño da estratexia que se propón é o incremento da empregabilidade. A importancia e o atractivo turístico do territorio ten sido clave no dinamismo do sector da construción previamente á crise dos últimos anos. O estalido da burbulla inmobiliaria e financeira tivo repercusións notables para o emprego na zona, afectando a colectivos de idade en etapas centrais da vida laboral. A insuficiente absorción dese capital humano por outros sectores de actividade pon de manifesto a necesidade de incrementar os esforzos na adaptación dos perfiles á demanda, en estimular novos segmentos de actividade, e moi especialmente, en facilitar o emprendemento.

De maneira transversal ademais, mediante a consideración destes aspectos nos criterios de avaliación das propostas, o GALP favorecerá aquelas iniciativas que teñan en consideración a xeración de oportunidades para os colectivos con máis dificultades de integración e de acceso ao mercado laboral, sexa por motivos de discapacidade, por falta de experiencia, por períodos longos de desemprego, por razón de sexo (muller), de idade (mocidade), etc.

5.9. Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación

1. Análise dos problemas de xénero e inclusión social. Mecanismos contemplados para promover á igualdade e non discriminación.

A igualdade entre mulleres e homes nas oportunidades de acceso e a promoción no mercado laboral e o fomento da participación da muller nas actividades da contorna costeira, aparece tamén destacado nas prioridades do FEMP e é outro dos elementos integrados na estratexia do GALP Pontevedra de maneira transversal.

A análise DAFO presentada, recolle entre as fortalezas da zona a forte presenza das mulleres nalgúns sectores de actividade. Na análise DAFO faise especial alusión ao marisqueo pero a presenza maioritaria das mulleres é moi salientable en moitos outros segmentos da actividade, tanto propia do sector pesqueiro coma nos sectores cos que propiciar as conexións e actuacións en cooperación. No sector pesqueiro cabe mencionar ademais da incuestionable presenza da muller no marisqueo a pé, a que corresponde á comercialización, a presenza maioritaria das mulleres na transformación dos produtos en salas de elaboración de conxelado, nas depuradoras e cocedoiros e nas conserveiras, a presenza en actividades auxiliares como a confección e reparación de aparellos, etc. A presenza das mulleres tamén é elevada na hostalería, nos servizos asistenciais, na distribución e mesmo no ensino.

A igualdade deberá de ser promovida a todos os niveis, facilitando a promoción profesional a través das medidas de formación, favorecendo as accións de emprendemento en feminino, coa prestación de servizos asistenciais e facilitadores da conciliación familiar, etc. Os mecanismos de valoración dos proxectos integran algúns destes criterios para ofrecer garantías de que a acción do GALP é decidida en dar respaldo a esta situación estrutural e á prioridade recoñecida polo FEMP.

5.10. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

1. Contribución da estratexia á sostibilidade ambiental

A estratexia e o plano de actuación que se presentan neste documento, están definitivamente marcados en todas as súas compoñentes pola prioridade máxima de corresponder á necesidade do

desenvolvemento sostible. Esta aposta aparece manifestada sen ambaxes na Misión do GALP e na Visión que se persegue, así coma nos obxectivos estratéxicos, específicos e na concreción de numerosas medidas asociadas a varias das liñas de actuación. Se ben dende o GALP Ría de Pontevedra se pretende transmitir e salienta a consideración transversal e prioritaria desta compoñente da estratexia, son, se cadra, o conxunto de liñas máis destacadas nesta dirección (polo seu enfoque directo cara ao patrimonio natural e a conciencia ambiental) aquelas que se recollen en relación cos obxectivos específicos 3.1. e 3.2 da estratexia.

Entre as actuacións comprometidas, na aposta do GALP polo crecemento sostible e respectuoso co medio ambiente, figuran tanto as orientadas a favorecer a adaptación ás necesidades presentes e futuras de protección do medio e dos recursos naturais no territorio costeiro, como as relativas á sostibilidade social e económica. Son numerosas as iniciativas orientadas a incrementar e compartir o coñecemento sobre o medio, sobre os recursos e sobre o impacto que a actividade antropoxénica ten sobre os mesmos.

A estratexia non quere so incrementar o coñecemento dispoñible e a súa difusión, senón ademais comprométese a favorecer as experiencias prácticas de aplicación dese coñecemento na protección, na conservación e, en definitiva, no seu traslado a unha aposta por un modelo de desenvolvemento perdurable, que garanta as mesmas ou mellores oportunidades de vida para as xeracións futuras da comunidade costeira. As institucións, a cidadanía, a industria, os produtores primarios, e os diferentes colectivos presentes na comunidade, co apoio do GALP, haberán de asumir e poñer en práctica un compromiso de adopción de mellores prácticas para facer realidade o avance cara ao desenvolvemento sostible. Esta aposta está tamén fortemente apoiada polas medidas que se recollen ao amparo dos obxectivos estratéxicos 1 e 2 (obxectivos específicos 1.1 e 2.1). Aspectos como a trazabilidade en toda a cadea de valor, a aposta polo consumo de proximidade, a eficiencia dos procesos de produción e de extracción, as prácticas de mellora na xestión e do tratamento dos refugallos, a diversificación da actividade da produción e do consumo, a aposta por un modelo de turismo ecolóxico, fortemente reforzado polo atractivo natural e cultural da zona costeira, etc., constitúen eslabóns interdependentes dunha cadea de accións necesarias para facer realidade a visión do GALP, claramente fundamentada na procura do desenvolvemento sustentable da Ría de Pontevedra.

Como elemento esencial na sustentabilidade da zona, a estratexia ten integrado a recuperación, conservación e posta en valor de todas as formas de patrimonio, considerando que este é tamén un compoñente esencial para o desenvolvemento sustentable do territorio. Ademais do patrimonio natural, as actuacións previstas sobre o patrimonio cultural, arquitectónico, etc., - asociadas na estratexia ao Obxectivo específico 4.1.-, son esenciais para incrementar o atractivo turístico e para mellorar a calidade de vida dos habitantes. Casos ven destacados e recoñecidos, como é o de Pontevedra, que poñen de relevo os esforzos nesta dirección aparecen sinalados no diagnóstico da estratexia.

Finalmente, non cabe entender o desenvolvemento sostible se en relación co mesmo non se teñen en conta as condicións de vida e o benestar dos cidadáns, das xeracións actuais e futuras. As oportunidades para o emprego e o uso sustentable dos recursos e do territorio son esenciais, pero tamén o son as prestacións e mecanismos que permiten ofrecer maiores garantías de benestar social. Así, o obxectivo específico 2.2. da estratexia, vai orientado a reforzar a prestación de servizos que se teñen identificados como necesarios no territorio, podendo o GALP da Ría e os seus axentes actuar de xeito coordinado e subsidiario para ofrecer mellores prestacións neste contexto

5.11. Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona

1. Indicar se existen sistemas de coordinación que garantan unha sinerxía con outros fondos, instrumentos ou políticas territoriais. Describíranse os sistemas que garanten a coherencia da estratexia coas intervencións doutros programas e liñas de axuda que se implanten no territorio, en particular con outros programas de desenvolvemento local de filosofía Leader.

Tanto a través de accións non produtivas específicas como coa labor de dinamización do GALP, haberá de procurarse de maneira activa unha axeitada cooperación e conexión con outros elementos de intervención na mellora das condicións de vida e desenvolvemento da zona costeira que sen formar parte directamente integrada no GALP poidan axudar ao alcance dos seus obxectivos. Conscientes das reticencias e confusión que pode xerar nos beneficiarios e usuarios das actuacións do GALP a multiplicidade de instrumentos e entidades dinamizadoras, o GALP realizará un esforzo, mediante a política de comunicación e a creación dunha unidade de soporte para prestar información e lograr a acción coordinada e sinérxica cos instrumentos e as organizacións.

A modo de exemplo e sen pretender a total exhaustividade nas referencias, destácanse:

Programas estratéxicos

- Estratexia galega de Acuicultura (ESGA).
- Plan integral de Turismo de Galicia (PITG).
- Estratexia da paisaxe de Galicia.
- Plan de ordenación do Litoral.

Programas de financiamento

A nivel rexional:

- Outras ordes de financiamento no FEMP (diferentes Eixos)

- Mecanismos de financiamento da I+D+I – e RIS3.
- Mecanismos de financiamento para o emprego e a formación da Consellería de Traballo e da Fundación Tripartita.
- Mecanismos de financiamento e promoción empresarial (IGAPE)

A nivel estatal:

- Mecanismos do FEMP xestionados dende a administración central
- Financiamento de I+D+i: Plan Estatal –Retos da Sociedade e CDTI
- Mecanismos de promoción do comercio internacional ICEX
- Mecanismos de financiamento industrial ICO
- Mecanismos de fomento do emprego: Sistema de Garantía Xuvenil
- Programa de axudas da Fundación Biodiversidad.

Mecanismos de financiamento transnacional:

- Programas de cooperación transnacional, transrexional e transfronteiriza: INTERREG
- Programa Life 2014-2020
- Programa H2020
- Programa Erasmus+

Tamén deben establecerse mecanismos de coordinación con outras entidades que poñan en marcha proxectos estratéxicos participativos con outros fondos comunitarios como FEADER ou FEDER.

- Programas de desenvolvemento rural (FEADER).
Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable (FEDER) A estes fondos están concorrendo actualmente as administracións locais da zona costeira coma, por exemplo, o Concello de Marín que ten posta en marcha a iniciativa Marín 2020 a través tamén dun proceso participativo.

A maior debilidade do territorio salientada no proceso participativo foi, sen dúbida, o problema da deficiencia do saneamento dos concellos que verten á Ría de Pontevedra. Porén, por tratarse de solucións alleas ao financiamento do FEMP e propias doutros fondos europeos non se contempla no Plan de Acción,- agás a través de medidas de concienciación ambiental -. A Administración autonómica a través de Augas de Galicia está a coordinar o Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra.

5.12. Redes

1. Indicar as propostas traballo en rede e cooperación con outros grupos locais, nacionais ou da UE.

Entre outras, as redes e organizacións con posibilidades de intervención complementaria no territorio do GALP ou na súa contorna son:

- A Rede de Grupos de Acción Costeira de Galicia.
- A Rede Española de Grupos de Acción Local de Pesca.
- FARNET
- A Rede Española da Muller no Sector pesqueiro.
- Os Centros de Investigación e de formación da Consellería do Mar: INTECMAR, CIMA, IGAFA, Fundación CETMAR.
- Outros centros e departamentos dependentes das Administracións locais, da Autonómica, da Estatais e da Unión Europea.
- Os compoñentes do Sistema Universitario de Galicia – Universidades e Institutos Universitarios.
- Os centros en Galicia do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).
- Os Institutos do Instituto Español de Oceanografía (IEO).
- Campus do Mar e Campus Vida, como campus de excelencia internacional.
- Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Os Centros Tecnolóxicos (ANFACO-CECOPECA, Gradient, o Centro Tecnolóxico da Acuicultura de Galicia, etc.)
- ...

O GAC propiciará o establecemento de alianzas e colaboracións con todas aquelas redes e entidades que estean en disposición de dirixir todo ou parte da súa actividade para axudar a dar consecución aos obxectivos establecidos na Estratexia do GALP Ría de Pontevedra.